

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN XESTORA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO” CELEBRADA O 30 DE XULLO DE 2008

Sendo as doce horas e trinta minutos da data arriba indicada, reúnese a Comisión xestora do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” na Casa da Cultura Pintor Lloréns sita na Avenida do Porto s/n do concello de Sada, estando presentes os membros que de seguido se relacionan:

Andrés García Boutureira (Cofradía de Pescadores de Sada) andresboutureira@yahoo.es

M^a Josefa Crespo Fraga (Cofradía de Pescadores de Miño)

M^a Jesús López Iglesias (Cofradía de Pescadores do Eume)

Manuel Bañobre Durán (Cofradía de Pescadores de Barallobre) cofradia@cofradiabarallobre.org

M^a Carmen Rodríguez Fernández (Cofradía de Pescadores de Barallobre)
cofradia@cofradiabarallobre.org

M^a Teresa Carnero Blanco (Cofradía de Pescadores de Mugarodos) sefimugardos@hotmail.com

Daniel Fernández Ríos (Cofradía de Pescadores de Lorbé) Fax 981 617 602

Isidro Taibo Gago, concelleiro do concello de Culleredo, en calidade de representante do Grupo de Acción Local “Terra das Mariñas”

Jose Garrote Martin (Concelleiro de Medioambiente Concello de Sada)
jose.garrote@sada.dicoruna.es

César Longo Queijo (Alcalde de Paderne) cesar.longo@paderne.dicoruna.es

Julio Ignacio Iglesias Redondo (Alcalde de Ares) julio.iglesias@concellodeares.com

Gabriel Torrente Piñeiro, (Alcalde de Pontedeume) gabriel.torrente@pontedeume.dicoruna.e

Acuden con voz pero sen voto;

Jorge M. Blanco Ballón (Técnico Asociación Terra das Mariñas) xerente@terradasmariñas.com

Anxo Fernández, (Asociación Euroeume) info@euroeume.org

Cristina Pariente Rodríguez (Técnica Fundación Comarcal de Betanzos) fbetanzos@gmail.com

O xerente do PRODER II de Terra das Mariñas, Jorge Blanco, recorda que na reunión celebrada o pasado 18 de xullo, formouse unha comisión xestora, hoxe presente, cujas funcións serán, entre outras, elaborar un cronograma de traballo, establecer o mecanismo de difusión ben mediante cartas ou ben mediante os medios de comunicación (radio,prensa,...), así como marcar as directrices para a consitución do grupo de acción costeira. Lembra tamén ós asistentes que existe un modelo de estatutos, os cales sería convinte ler artigo por artigo e así, ir perfilando as bases da futura asociación.

O concelleiro de Sada considera que podería ser máis operativo que cada membro da comisión xestora analizase por separado os estatutos e enviase as súas propostas ó equipo técnico. O equipo dárialle forma e levaría á próxima reunión unha proposta de estatutos, elaborada seguindo todos e cada un dos cambios propostos, e se procedese, serían aprobados pola comisión.

O alcalde de Ares, está da acordo có procedemento exposto por José Garrote e propón que o equipo técnico faga chegar, mediante correo electrónico, unha copia do modelo de estatutos a cada ún dos membros da comisión xestora para que se poidan elaborar as súas propostas. As cofradías expoñen que eles xa os visualizan no libro da Guía da candidatura, xa que moitas delas non teñen correo electrónico.

Incorporase á reunión o alcalde de Sada, D. Abel Soto que intervéñ só para dar a benvinda a tódolos membros da Comisión Xestora e ofrecer a colaboración do Concello de Sada en todo o que consideren necesario. Aclara que o concello de Sada está representado polo concelleiro José Garrote. Desculpa a súa ausencia e despídese dos alí presentes.

O alcalde de Ares expón que se debería empezar por elaborar unha **carta de invitación** que realizase o equipo técnico que se encarga das xestións do grupo de acción costeira, e que despois de ser presentada ante a Comisión Xestora, e sempre que resultase aprobada pola mesma, fose enviada a tódolos concellos participantes no grupo de acción costeira. Cada concello debería encargarse da difusión no seu concello, facendo chegar dita carta a tódolos colectivos de interese social establecidos no seu ámbito territorial.

Propón tamén a idea de que dita carta vaia acompañada por un tríptico no que, de una maneira esquemática e sinxela, se reflexe a información máis importante sobre a consitución do novo grupo de acción costeira.

Tamén apunta que antes de ser remitida toda esta documentación ós concellos participantes poderíase reunir ós medios de comunicación e facer pública dita campaña.

O concelleiro de Sada, José Garrote está de acordo coa proposta de difusión do alcalde de Ares.

Teresa, a patrona maior da cofradía de Mugardos, quere facer unha petición de cara a establecer a reunións da Comisión Xestora. Expón que lle gustaría que se tivera en conta, o calendario de mareas, á hora de establecer as datas das reunións, xa que vir á reunión un día no que haxa marea supón unha perda económica para a cofradías, que de poder ser, débese evitar. Apunta tamén que hoxe é día de marea e que as persoas das cofradías que están alí están deixando de cobrar o día. Acordase facer unha acta de cada reunión. A comisión xestora non plantea ningún problema á petición feita por Teresa, e solicítaselle ás cofradías que sexan elas as que propoñan un día para a próxima reunión. Acórdase que a próxima reunión sexa o mércores 20 de agosto ás 11.00 horas no Aula de Cultura de Sada e facer a presentación da campaña ante os medios ás 12.30 horas (presentación de tríptico informativo, blog, etc). A convocatoria á prensa a farán os equipos técnicos. Se poñera tamén en marcha un blog informativo.

G.A.C. Golfo Ártabro

A comisión xestora está de acordo con todo o anteriormente dito, polo que, non habendo máis temas que tratar, levántase a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos.